



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE

Anuncio

EMENDA DE ERRO MATERIAL NA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CONCESIÓN DESUBVENCIÓNS, EN RÉXIME ABREVIADO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A PROMOCIÓN E POTENCIACIÓN DE REPRODUTORAS INSCRITAS NO REXISTRO DEFINITIVO DO LIBRO XENEALÓXICO DA RAZA RUBIA GALEGA NAS EXPLOTACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA "MARELA", NA ANUALIDADE 2024

En relación coa relación definitiva de concesión das subvencións de referencia, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 14 de febreiro de 2025, acordou:

"Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, do seguinte teor:

"Detectado erro material na relación de beneficiarios das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Marela", na anualidade 2024, aprobada por Acordo da Xunta de Goberno do 27 de decembro de 2024; e ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dende a dita Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente para que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordara aprobar a emenda do dito erro material.

Así mesmo, dende o Servizo de Fiscalización, informouse favorablemente a dita rectificación do erro.

Polo exposto, propoño que, logo dos demais trámites legal e regulamentariamente establecidos, a Xunta de Goberno desta Deputación acorde aprobar a emenda do erro material detectado na relación de beneficiarios das subvencións, en réxime abreviado de concorrencia competitiva, para a promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no Rexistro Definitivo do Libro Xenealóxico da raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo, na execución do Programa "Marela", na anualidade 2024 e, deste xeito, **onde di**:

"(...).

IV. Finalizado o trámite de audiencia sen presentarse máis alegacións, e tendo en conta o exposto nos apartados anteriores, a relación definitiva das solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes, para os animais e polos importes que se relacionan a continuación:

Número expediente	Beneficiaria	NIF	Nº animais solicitude axuda	Nº animais elixibles	Motivo desestimación parcial	Importe subvención (€)
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)		(...)
2024/CCP_01/001285	Cancela Paredes, SC	J27434265	4	4		1.600
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)		(...)
TOTAIS		251		480		192.000

Motivos de desestimación parcial:

1.- Base 4: non ten acreditado o parto antes dos 30 meses.

2.- Base 4: animal non nacido na propia explotación.

3.-Base 4: existencia de caracteres eliminatórios; non superación das probas de xenotipado.

4. Base 5: máximo de animais elixibles, 6.

5. Bases 4 e 12: incumprimento do compromiso de manter na explotación a/s femia/s reprodutora/s elixible, polo menos, ata o 31 de decembro de 2025; ou a non acreditación da forza maior que o impida.

(...).”

Diga:

(...).

IV. Finalizado o trámite de audiencia sen presentarse máis alegacións, e tendo en conta o exposto nos apartados anteriores, a relación definitiva das solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes, para os animais e polos importes que se relacionan a continuación:

Número expediente	Beneficiaria	NIF	Nº animais solicitude axuda	Nº animais elixibles	Motivo desestimación parcial	Importe subvención (€)
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)		(...)
2024/CCP_01/001285	Cancela Paredes, SC	J27434265	4	3	3	1.200
(...)	(...)	(...)	(...)	(...)		(...)
TOTAIS		251		479		191.600

Motivos de desestimación parcial:

1.- Base 4: non ten acreditado o parto antes dos 30 meses.

2.- Base 4: animal non nacido na propia explotación.

3.-Base 4: existencia de caracteres eliminatórios; non superación das probas de xenotipado.

4. Base 5: máximo de animais elixibles, 6.

5. Bases 4 e 12: incumprimento do compromiso de manter na explotación a/s femia/s reprodutora/s elixible, polo menos, ata o 31 de decembro de 2025; ou a non acreditación da forza maior que o impida.

(...).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Lugo, 18 de febreiro de 2025.- O presidente, P.D. Decreto do 4 de xullo de 2023, o deputado delegado Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

R. 0467

SECCIÓN DE PATRIMONIO

Anuncio

Por Resolución da Presidencia de data 14 de febreiro de 2025, procédese á convocatoria pública do procedemento de concorrencia pública de alleamento mediante a celebración dunha poxa e a súa adjudicación que se rexerá polo seguinte prego de cláusulas administrativas.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN NO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO

De conformidade ás previsións contidas na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto e do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Administracións Locais, procédese a establecer as bases que rexerán o alleamento dun lote de animais bovinos de raza cachena, o que supón un total de 17 bovinos de raza cachena de titularidade provincial mediante a celebración de poxa pública para cuxo fin redactase o prego reitor coas condicións xerais que servirán para o seu outorgamento e adjudicación e disposto segundo o seguinte ÍNDICE:

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

Cláusula 2. Réxime xurídico

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

Cláusula 5. Convocatoria da poxa.

Cláusula 6. Tipo mínimo de adxudicación.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Cláusula 9. Mesa de poxa.

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Cláusula 11. Desenvolvemento da poxa.

Cláusula 12. Pagamento.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

Cláusula 14. Falta de poxa.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

É obxecto do presente procedemento o alleamento, por medio de poxa pública á alza e de xeito individualizado, dun lote de animais bovinos de raza cachena, o que supón un total de 17 bovinos de raza cachena que forman parte do fato de gando vacún existente na Granxa Provincial Gayoso Castro que se declaran excedentes no censo de animais segundo relación de semoventes bovinos que se xunta (ANEXO I. RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA).

Tendo en conta o tempo de tramitación do expediente, cada un dos animais encadrarase no lote correspondente o día sinalado para a poxa, e a Mesa da Poxa indicará o lote que corresponde a cada animal antes do comezo da subasta pública, e o prezo de saída será o correspondente a cada lote.

Se algún dos animais obxecto de poxa parira no tempo transcurrido durante a tramitación do expediente, as crías que teñan ata 6 meses de idade no momento de celebración da poxa, allearanse xunto coa nai e incorporaranse ao lote correspondente en cada caso.

No caso dos animais nados de nais obxecto da poxa, que naceran no tempo transcurrido durante a tramitación do expediente que teñan no momento de celebración da poxa unha idade superior a 6 meses, de ser femias non se procederá ao seu alleamento. No caso dos machos será decisión da Mesa da poxa proceder ou non ao seu alleamento por motivos de sanidade, saúde, benestar ou por necesidades de xestión da explotación, incorporándose de ser o caso no lote correspondente, e o prezo de saída será o que corresponda ao dito lote, do que informará a Mesa da poxa antes do comezo da mesma.

Se no día sinalado para a poxa algún dos animais incluídos no ANEXO I non estivese en condicións axeitadas para o transporte e/ou motivos de saúde ou benestar non recomendaran o seu alleamento, a Mesa da poxa informará antes do comezo da poxa da retirada do dito animal ou animais da poxa pública.

A Mesa da poxa informará da retirada da poxa pública do animal ou animais que de ser o caso, por motivo de morte ou causa sobrevida, non se poida proceder ao seu alleamento.

Se por razóns de sanidade, benestar, saúde ou motivos relacionados coa xestión da explotación fose recomendable e/ ou necesario o alleamento dalgún animal da explotación no momento de celebración da poxa que non estivese incluído no ANEXO I (RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA) , a Mesa da poxa informará antes do comezo da mesma, dos animais dos que se procederá ao seu alleamento, que se incorporarán ao lote que corresponda en cada caso, sendo o prezo de saída o correspondente ao dito lote. En calquera caso os animais que sexan obxecto de poxa deberán estar inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, agás que se trate de crías recién nadas que por razóns de benestar animal e saúde se deban allear coa nai no lote que corresponda.

No caso de que algunha das femias incluídas no ANEXO I , que resultaran adxudicadas na poxa pública , parira entre o día sinalado para a poxa e o día acordado para a entrega dos animais, os fillos acompañarán á nai por motivos de saúde e benestar, manténdose o prezo de adxudicación, aínda que estes non figuren inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Se por causas sobrevidas, dende o día sinalado para a poxa ata o día acordado para a entrega dos animais , estes sufriran un accidente ou enfermidade que lles ocasionara un traumatismo ou lesión de menor ou maior

gravidade, incluso con resultado de morte, o adxudicatario poderá renunciar, de ser o caso, á adxudicación do animal, e a Deputación provincial procederá á devolución do importe aboado polo lote correspondente.

Cláusula 2. Réxime xurídico.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.- LPAP-
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.-RBEL-
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 6/2023 do 2 de novembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.
- E suplementariamente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións e a presentación de ofertas implica a aceptación de todos os seus extremos.

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Poderán concorrer á presente licitación por si o mediante representación, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que contén coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As empresas poderán acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade, solvencia e non estar incurso en prohibicións para contratar, mediante a presentación dunha declaración responsable do representante da empresa ou da persoa física licitante na que declare que o mesmo ou a empresa á que representa reúne os requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración, incluíndo unha referencia expresa a encontrase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Achégase, como ANEXO III a este prego o modelo de declaración responsable.

Os documentos acreditativos da personalidade e capacidade solo serán esixidos a quen resulte proposto como adxudicatario.

Quedaran excluídas do procedemento as proposicións presentadas por licitadores que non reúnen os requisitos de capacidade e solvencia ou non aporten ou emenden a documentación acreditativa da súa personalidade, capacidade e/ou solvencia.

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

O presente procedemento de alleamento efectuarase en réxime de concorrencia, mediante poxa pública á alza ou ascendente de xeito que comenará por un prezo de saída que se irá incrementando a través de sucesivas poxas ata que quede un único participante ao que se adxudicará o exemplar bovino interesado ao prezo de remate ou prezo da última poxa realizada polo mellor ofertante e por tanto este será o prezo que terá que pagar o comprador, excluído os impostos pertinentes e os gastos de transporte ou doutra índole.

A poxa será en vivo e a man alzada na que se poxará en cada momento e de xeito individualizado polo exemplar que se está licitando.

Cada proposta de incremento do prezo a man alzada será por unha cantidade fixa segundo establece a cláusula 11.

Cláusula 5. Convocatoria da poxa.

A referida poxa celebrarase nas instalacións da Granxa Provincial Gayoso Castro situada no Concello de Castro de Rei en Lugo, a cuxos efectos a coordinación e asistencia será realizada por persoal adscrito á Granxa Provincial.

Ao tratarse dun contrato patrimonial que se realiza a través dunha poxa presencial e a viva voz, a convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia. A poxa celebrarase ás 10:00 horas do décimo día natural, ou o seguinte día hábil, a contar dende o seguinte á dita publicación.

Cláusula 6. Tipo mínimo de adxudicación.

Cada cabeza de gando adxudicarase a favor de quen presente a oferta máis vantaxosa sobre o prezo que para cada exemplar se sinala a continuación:

LOTES	PREZOS SAÍDA
LOTE 1 CACHENA. Machos cachenos ata 12 meses.	260,00 €/animal
LOTE 2 CACHENA. Machos cachenos de mais de 12 meses. Sementais	400,00 €/animal
LOTE 3 CACHENA. Xovencas cachenas ata 36 meses (sen cría ao pé) .	380,00 €/animal
LOTE 4 CACHENA. Vacas cachenas de mais de 36 meses (sen cría ao pé)	380,00 €/animal
LOTE 5 CACHENA. Xovencas cachenas ata 36 meses con cría ao pé (crías de menos de 6 meses)	600,00€/animal
LOTE 6 CACHENA. Vacas cachenas de mais de 36 meses con cría ao pé (crías de menos de 6 meses)	600,00€/animal

Por debaixo do prezo mínimo establecido para cada exemplar non se efectuará ningunha adxudicación.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico e non se admitirá aprazamento no pagamento.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario.

Para tomar parte na poxa non se esixirá aos licitadores a constitución de garantía.

Serán por conta do adxudicatario os impostos pertinentes e os gastos derivados de transporte ou doutra índole.

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Os licitadores que concorran á poxa a mao alzada aportará ante a Mesa de poxa a seguinte documentación de carácter xeral referente ás condicións para ser admitido ao procedemento:

- a) Solicitud, de acordo co Anexo II.
- b) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán acompañar o documento que acredite a dita representación por calquera medio válido en dereito.
- c) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Anexo III.
- d) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación: Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación de Lugo en relación a este procedemento sexan efectuadas a través da sede electrónica e ou na seguinte dirección de correo electrónico:

.....

En, de de 202.....

O interesado,

Cláusula 9. Mesa de poxa.

O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de poxa que era o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación e estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: A Directora da Granxa Provincial Gayoso Castro, Sonia Verdes Gil.

Suplente: Funcionario da Granxa Provincial Gayoso Castro, Gonzalo Rodríguez Ferreiro

VOGAL:

Titular: Funcionario da Granxa Provincial Gayoso Castro, Manuel Doval Arza

Suplente: Funcionaria da Granxa da Deputación Provincial Gayoso Castro, Carmen Rodríguez Iglesias

SECRETARIO:

Titular: O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

Suplente: A xefa da Sección de Patrimonio, Ana María Vila Vázquez

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Previo á celebración da poxa a mao alzada a Mesa realizará o exame da documentación de carácter xeral.

Examinada esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos no presente prego de condicións. De existir, a Mesa excluirá do procedemento ao ofertante, salvo que o defecto, omisión ou erro material fora emendable no mesmo día da celebración da poxa, baixo apercibimento de exclusión definitiva da poxa. Non se admitirá ningunha emenda fóra do indicado prazo, declarándose a non admisión á poxa das mesmas mediante resolución motivada.

As proposicións non admitidas quedarán excluídas do procedemento de selección e adxudicación.

Cláusula 11. Desenvolvemento da poxa.

No día e hora sinalados o Presidente da Mesa declara aberta a poxa comunicándoo así ao público e recibirá as identificacións dos participantes e a documentación de carácter xeral.

A cada participante asignaráselle un número por orde de entrega da documentación na Mesa da Poxa.

Antes do comezo da poxa informarase aos participantes do desenvolvemento da poxa:

- Asignación do lote correspondente a cada animal obxecto da poxa que figuren no ANEXO I. (RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA).

- Animais incorporados que non figuren no presente prego, asignación do lote correspondente e o seu prezo de saída.

- De ser o caso, aclaracións respecto ás características específicas dalgún animal.

O tramo de poxa, cantidade fixa en euros, sen decimais, na que se incrementará o prezo de saída por cada postura a man alzada dun dos participantes será de **50 euros**.

Tendo en conta o tempo de tramitación do expediente, cada un dos animais encadrarase no lote correspondente o día sinalado para a poxa, e a Mesa da Poxa indicará o lote que corresponde a cada animal antes do comezo da subasta pública, e o prezo de saída será o correspondente a cada lote.

Se algún dos animais obxecto de poxa parira no tempo transcurrido durante a tramitación do expediente, as crías que teñan ata 6 meses de idade no momento de celebración da poxa, allearanse xunto coa nai e incorporaranse ao lote correspondente en cada caso.

No caso dos animais nados de nais obxecto da poxa, que naceran no tempo transcurrido durante a tramitación do expediente que teñan no momento de celebración da poxa unha idade superior a 6 meses, de ser femias non se procederá ao seu alleamento. No caso dos machos será decisión da Mesa da poxa proceder ou non ao seu alleamento por motivos de sanidade, saúde, benestar ou por necesidades de xestión da explotación, incorporándose de ser o caso no lote correspondente, e o prezo de saída será o que corresponda ao dito lote, do que informará a Mesa da poxa antes do comezo da mesma.

Se no día sinalado para a poxa algún dos animais incluídos no ANEXO I non estivese en condicións axeitadas para o transporte e/ou motivos de saúde ou benestar non recomendaran o seu alleamento, a Mesa da poxa informará antes do comezo da poxa da retirada do dito animal ou animais da poxa pública.

A Mesa da poxa informará da retirada da poxa pública do animal ou animais que de ser o caso, por motivo de morte ou causa sobrevida, non se poida proceder ao seu alleamento.

Se por razóns de sanidade, benestar, saúde ou motivos relacionados coa xestión da explotación fose recomendable e/ ou necesario o alleamento dalgún animal da explotación no momento de celebración da poxa que non estivese incluído no ANEXO I (RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA) , a Mesa da poxa informará antes do comezo da mesma, dos animais dos que se procederá ao seu alleamento, que se incorporarán ao lote que corresponda en cada caso, sendo o prezo de saída o correspondente ao dito lote. En calquera caso os animais que sexan obxecto de poxa deberán estar inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, agás que se trate de crías recién nadas que por razóns de benestar animal e saúde se deban allear coa nai no lote que corresponda.

No caso de que algunha das femias incluídas no ANEXO I, que resultaran adxudicadas na poxa pública , parira entre o día sinalado para a poxa e o día acordado para a entrega dos animais, os fillos acompañarán á nai por motivos de saúde e benestar, manténdose o prezo de adxudicación, aínda que estes non figuren inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Se por causas sobrevidas, dende o día sinalado para a poxa ata o día acordado para a entrega dos animais , estes sufriran un accidente ou enfermidade que lles ocasionara un traumatismo ou lesión de menor ou maior gravidade , incluso con resultado de morte , o adxudicatario poderá renunciar, de ser o caso, á adxudicación do animal, e a Deputación provincial procederá á devolución do importe aboado polo lote correspondente.

Comezada a licitación non se recibirá e non se admitirá ningunha solicitude de participación.

Durante a licitación, admitiranse as posturas que gradualmente melloren o tipo, ata que deixen de facerse proposicións, declarando como mellor rematante ao licitador que fixera a postura máis elevada.

De non cumprimentarse adecuadamente o requisitos expostos neste prego, entenderase que o licitador retira a oferta, ou nos casos de desistir ou retirarse o licitador, ou o incumprimento do disposto nas cláusulas 12, 13 e 15, en todos estes casos continuarase co licitador seguinte, pola orde no que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 12. Pagamento.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico, e non se admitirá aprazamento no pagamento, que se fará efectivo mediante ingreso do prezo na Tesourería Provincial da Deputación Provincial de Lugo no número de conta sinalado ao efecto ao remate da poxa, no prazo dos dez días seguintes á notificación da adxudicación.

Coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial o adxudicatario procederá a retirar o exemplar adxudicado o día e hora acordados coa organización da Granxa Gayoso Castro.

No suposto de que non se efectúe o pagamento no dito prazo entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Procedéndose nese caso á tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

Rematada a poxa, si o licitador que presentou a oferta mas vantaxosa non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, a Mesa requirirao para que presente a seguinte documentación, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Admón. de esta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.

b) Obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Outra documentación.

Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Comprobada a dita documentación e individualmente por cada exemplar licitado, a Mesa fará unha proposta de adxudicación ao Órgano Competente a favor das poxas que, axustándose ao presente prego de condicións, se formularon no seu día conforme aos requisitos esixidos e resultaran mais favorables. Dita proposta de adxudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á adxudicación, renunciar a/s adxudicación/s por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Cando o órgano competente non adxudique o referido ben de acordo coa proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión. O órgano competente deberá proceder á adxudicación dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarse aos candidatos ou licitadores e procederase a asinar o documento administrativo de venta.

Cláusula 14. Falta de poxa.

Despois da celebración da licitación, cando non fosen adxudicados todos os semoventes, fora declarada falida ou deserta a poxa, o órgano competente poderá acordar o seu alleamento mediante adxudicación directa nas mesmas condicións e polo prezo de saída fixado neste prego.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

A transmisión de titularidade sobre a cabeza de gando adxudicado entenderase perfeccionada pola firma da acta de entrega do mesmo entre o adxudicatario e esta Entidade Provincial e coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial no prazo establecido.

Se o solicitante non se presenta á firma da acta de recepción ou non efectúe o pagamento no prazo sinalado entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Neste caso continuarase a tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste prego de condicións da presente transmisión serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

A Directora da Granxa Gayoso Castro.

ANEXO I. RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA

	Crotal/ NPU	Sexo	Raza	Data nacemento	Expl. Nacemento	Crotal da nai
1	ES031114461326	Macho	CACHENA	03/04/2024	ES270100127901	ES051113699226
2	ES011114461324	Macho	CACHENA	01/04/2024	ES270100127901	ES031112366619
3	ES021114631970	Macho	CACHENA	13/04/2024	ES270100127901	ES071113699228
4	ES041114631972	Macho	CACHENA	25/06/2024	ES270100127901	ES071112099200
5	ES071114631975	Macho	CACHENA	06/09/2024	ES270100127901	ES071112905923
6	ES021111004720	Femia	CACHENA	24/06/2017	ES270100183701	ES001111210399
7	ES051112366597	Femia	CACHENA	25/03/2019	ES270100183701	ES031111058994
8	ES051112748120	Femia	CACHENA	25/11/2019	ES270100183701	ES071110473586
9	ES011112178333	Femia	CACHENA	03/08/2018	ES270100183701	ES031110833166

10	ES071112099200	Femia	CACHENA	08/04/2018	ES270100183701	ES021109353745
11	ES071114291571	Femia	CACHENA	02/08/2023	ES270100127901	ES051112748120
12	ES021114291576	Femia	CACHENA	02/10/2023	ES270100127901	ES061111058997
13	ES021114187633	Femia	CACHENA	09/02/2023	ES270100127901	ES071112905923
14	ES051114187636	Femia	CACHENA	10/02/2023	ES270100127901	ES011112178333
15	ES071114187638	Femia	CACHENA	30/03/2023	ES270100127901	ES051112366597
16	ES081114187639	Femia	CACHENA	22/04/2023	ES270100127901	ES031112366619
17	ES091114187630	Femia	CACHENA	05/02/2023	ES270100127901	ES071112099200

Tendo en conta o tempo de tramitación do expediente, cada un dos animais encadrarase no lote correspondente o día sinalado para a poxa, e a Mesa da Poxa indicará o lote que corresponde a cada animal antes do comezo da subasta pública, e o prezo de saída será o correspondente a cada lote.

Se algún dos animais obxecto de poxa parira no tempo transcurrido durante a tramitación do expediente, as crías que teñan ata 6 meses de idade no momento de celebración da poxa, allearanse xunto coa nai e incorporaranse ao lote correspondente en cada caso.

No caso dos animais nados de nais obxecto da poxa, que naceran no tempo transcurrido durante a tramitación do expediente que teñan no momento de celebración da poxa unha idade superior a 6 meses, de ser femias non se procederá ao seu alleamento. No caso dos machos será decisión da Mesa da poxa proceder ou non ao seu alleamento por motivos de sanidade, saúde, benestar ou por necesidades de xestión da explotación, incorporándose de ser o caso no lote correspondente, e o prezo de saída será o que corresponda ao dito lote, do que informará a Mesa da poxa antes do comezo da mesma.

Se no día sinalado para a poxa algún dos animais incluídos no ANEXO I non estivese en condicións axeitadas para o transporte e/ou motivos de saúde ou benestar non recomendaran o seu alleamento, a Mesa da poxa informará antes do comezo da poxa da retirada do dito animal ou animais da poxa pública.

A Mesa da poxa informará da retirada da poxa pública do animal ou animais que de ser o caso, por motivo de morte ou causa sobrevida, non se poida proceder ao seu alleamento.

Se por razóns de sanidade, benestar, saúde ou motivos relacionados coa xestión da explotación fose recomendable e/ ou necesario o alleamento dalgún animal da explotación no momento de celebración da poxa que non estivese incluído no ANEXO I (RELACIÓN DE SEMOVENTES BOVINOS OBXECTO DE POXA) , a Mesa da poxa informará antes do comezo da mesma, dos animais dos que se procederá ao seu alleamento, que se incorporarán ao lote que corresponda en cada caso, sendo o prezo de saída o correspondente ao dito lote. En calquera caso os animais que sexan obxecto de poxa deberán estar inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, agás que se trate de crías recién nadas que por razóns de benestar animal e saúde se deban allear coa nai no lote que corresponda.

No caso de que algunha das femias incluídas no ANEXO I que resultaran adxudicadas na poxa pública , parira entre o día sinalado para a poxa e o día acordado para a entrega dos animais, os fillos acompañarán á nai por motivos de saúde e benestar, manténdose o prezo de adxudicación, aínda que estes non figuren inscritos no Inventario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Se por causas sobrevidas, dende o día sinalado para a poxa ata o día acordado para a entrega dos animais , estes sufriran un accidente ou enfermidade que lles ocasionara un traumatismo ou lesión de menor ou maior gravidade , incluso con resultado de morte , o adxudicatario poderá renunciar, de ser o caso, á adxudicación do animal, e a Deputación provincial procederá á devolución do importe aboado polo lote correspondente.

ANEXO II. SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN AO PROCEDEMENTO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

D. _____ con DNI: _____ , teléfono de contacto: _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ N° _____, piso _____ C.P. _____ de _____ actuando no meu propio nome ou no nome e representación de _____, segundo documentación que acompaña acreditativa da dita representación.

EXPÓN:

Que é súa vontade PARTICIPAR no procedemento convocado pola Deputación de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro e, con esa finalidade, aporta a seguinte documentación:

- a) Documentación acreditativa da representación que ostenta, se fose o caso.
- b) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. De acordo ao Anexo III.
- c) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación provincial de Lugo en relación a esta concesión demanial sexan efectuadas a través da sede electrónica no seguinte enderezo de correo electrónico:

En _____, a _____ de _____ de 202__

Asdo. _____

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D. _____ con DNI: _____, teléfono de contacto: _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____ Nº _____, piso _____ C.P. _____ de _____ actuando no meu propio nome ou no nome e representación de _____, segundo documentación que acompaña acreditativa da dita representación.

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro.

2.- Que estou o corrente no pago das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3.- Que non teño pendente de pago ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Que autorizo a esta Deputación Provincial a solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación do procedemento convocado pola Deputación Provincial de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro.

En _____, a _____ de _____ de 202__

Asdo.

Lugo, 17 de febreiro de 2025.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0454

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Pola Alcaldía do Concello de Alfoz en data 17 de febreiro de 2025 ten prestado aprobación ás bases reguladoras da selección de arrendatario e réxime de aluguer social da vivenda amueblada sita na Escola de A Pinguela (Lagoa) convocatoria 2025 , que poden ser consultadas na sede electrónica municipal, <https://concellodealfoz.sedelectronica.es> .

As persoas interesadas presentarán a súa solicitude en impreso normalizado ante o Concello de Alfoz (Anexo I) xunto coa documentación referida nas citadas bases, no prazo de UN MES .

Alfoz, 17 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 0476

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 10/02/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro de 2025 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 23/04/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 14 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0468

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de 10/02/2025, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de novembro do 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 23/04/2025. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 14 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0469

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns anuais, cuatrimestrais e do mes de febreiro de 2025, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2024/2025, por un importe total de 13.253,26€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 17 de febreiro de 2025.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 0470

BURELA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ OU XUÍZA DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE BURELA

Por medio do presente anuncio dase publicidade ao Decreto de Alcaldía do Concello de Burela de 18 de febreiro de 2025 polo cal se aproba a convocatoria para a elección de Xuíz ou Xuíza de Paz titular do Concello de Burela de conformidade co previsto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Requisitos dos aspirantes:

- Ser español.
- Ser maior de idade.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade do artigo 303 LO 6/1985:
 - Estar impedido física ou psíquicamente para a función xudicial.
 - Condenados por delito doloso mentres non obteñan a rehabilitación.
 - Procesados ou inculcados por delito doloso en tanto non sexa absolutos ou se dite auto de sobresemento.
 - Os que non estean no pleno exercicio dos seus dereitos civís

Requisitos dos aspirantes: As causas de incompatibilidade ás que se refiren os artigos 389 e seguintes da LO 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial operarán con posterioridade ao nomeamento, mediante opción que efectúan os nomeados. O exercicio de actividades profesionais e mercantís non constitúen causa de incompatibilidade.

Prazo e lugar de presentación das solicitudes: Apertura dun prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. As instancias presentaranse no Rexistro de entrada do Concello de Burela ou a través de calquera do medios do artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documentación a presentar:

- Solicitud conforme o modelo que se facilitará nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello de Burela.
- DNI.
- Certificación negativa de antecedentes penais do que non resulte vixente condena por delito doloso.
- Copia dos documentos acreditativos dos méritos que se alega.

Burela, 18 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0477

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de xaneiro 2025, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondente a mes de xaneiro de 2025, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 3.584,41 €
- Modalidade dependencia: 5.011,18 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de xaneiro de 2025, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 11 de febreiro de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0478

LUGO

Anuncio

Por medio do presente faise público que a A Concellería de Xuventude e Deportes do Excmo Concello de Lugo conforme as competencias establecidas no Art. 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora de bases de Réxime Local e según acordo da Xunta de Goberno Local 12/77 de 19 de febreiro de 2025 sobre aprobación das bases co fin de eleixir o cartel anunciador do ARDE LUCUS 2025 convoca o PREMIO DE DESEÑO GRAFICO " ARDE LUCUS 2025" de acordo coas seguintes bases

BASES

1- Poderá concorrer toda a poboación, con traballos de formato A3 e técnica libre, presentando cantas obras considere oportunas, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais, obrigándose a retiralas no caso de que obtiveran algún premio ou galardón para esa mesma obra con carácter previo.

2.- Os deseños deberán reflexar o espírito da festa Arde Lucus, facendo especial fincapé na reconstrucción histórica e a volta da cidade a época da súa fundación. Terán que visualizar obrigatoriamente o mundo romano e castrexo. A cor dominante no cartel será o bermello e deberán de incluír o seguinte texto:

- Arde Lucus MMXXV
- Festa de Interese Turístico Internacional
- A páxina web: www.ardelucus.com
- A data de celebración: 12,13,14 y 15 de xuño/ Junio
- Os logotipos das redes sociais: X, instagram, youtube e facebook.

*O Concello resérvase a potestade de solicitar a subsanación sobre o cartel gañador de pequenas erratas, erros ou falla dalgunha información obrigatoria. Polo tanto, no caso de producirse dita situación non implica a eliminación automática da proposta hasta que a organización, en función da gravidade, decida que facer coa proposta.

3.- Establécese un premio o traballo gañador valorado en 1.900 € con cargo a aplicación orzamentaria 33802.48101. Este premio está suxeito a unha retención do 19% de acordo co disposto na Lei 35/2006 do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4.- Os carteis presentados quedarán en poder do Excmo. Concello de Lugo. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador do “Arde Lucus 2025” e, os restantes carteis presentados, serán expostos na Casa da Xuventude e nas redes sociais durante un mes. Unha vez rematada a exposición, terán un prazo de 15 días para ser recollidos polo seu autor/a, pasado ese prazo serán propiedade do Concello de Lugo que decidirá o seu destino.

O cartel gañador será propiedade do Concello, que poderá cedelo a terceiros. Os/ autores/as renuncian a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor/a para incluílo no seu currículo.

4.- Os traballos deberán de ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa exposición, en formato A3, ademais de copia en formato dixital (JPEG o PNG) con una resolución de 1890 X 2645.

Deberán ser presentados de xeito anónimo, identificandoos cun lema.

En sobre pechado a parte do cartel acompañará :

- Plica identificada co mesmo lema co cartel que conterá todos os datos persoais da autora ou autor: nome, apelidos, enderezo completo, correo e teléfono
- Copia scaneada do DNI ou equivalente
- Copia escaneada da declaración xurada que figura no anexo I destas bases.

co obxecto de preservar a identidade dos autores durante o proceso , estos documentos identificativos serán custodiados polo persoal do Servizo de xuventude que con posterioridade ao ditame incorporará os datos da persoa gañadora na resolución adoptada polo órgano competente.

5.- A organización resérvase o dereito de exclusión das obras nos seguintes casos:

- Cando se incumpran un ou varios puntos destas bases.
- Cando a participación se faga empregando datos falsos ou haxa indicios de que o son, se a persoa non verifica os seus datos no prazo outorgado.
- Cando as obras presentadas non se axusten ao tema do concurso.
- Cando se detecte que algún cartel utiliza imaxes de xeito total ou parcial, das que sexa evidente que non posúe os dereitos de autor.
- Cando utilicen a imaxe da muller como reclamo , con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe, así como calqueira outro que atente contra a dignidade das persoas.

Co fin de promocionar o talento das persoas para as persoas non se aceptarán os deseños realizados parcial ou totalmente con intelixencia artificial.

6- A entrega de orixinais efectuarase no Rexistro do Concello de Lugo na seguinte dirección : Rexistro Concello de Lugo. Ronda da Muralla, 197. LUGO 27002, indicando no sobre " PREMIO DE DESEÑO GRAFICO ARDE LUCUS 2025" ou a través de calquer outro medio indicadono o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Comúndas Administracións Públicas (LPACAP). O prazo de presentación será dende o día seguinte da publicación no BOP ata o 24 de marzo do 2025 inclusive. No caso de realizarse o envío , será necesario que se envíe copia scaneada do envío a seguinte dirección de correo : xuventude@lugo.gal. O último día de admisión de orixinais é o 24 de marzo de 2025, non se admitirán obras que se haxan enviado con posterioridade a esa data.

O día seguinte elaborárase un listado de participantes no que se indicará se estes cumpren os requisitos para participar no concurso e no que se confirme a correcta inscrición dos participantes, outorgando a posibilidade de subsanar as solicitudes presentadas, a cal será publicada na sede electrónica do Concello.

7- Unha vez finalizado o prazo de admisión, as obras presentadas serán exhibidas nas redes sociais do Arde Lucus, onde se farán unha votación popular que durara unha semana e na que se seleccionarán as obras que se someterán a votación do xurado.

Realizada a votación popular on-line pasarán a elección do xurado o 50% dos carteis máis votados sobre o total. No caso de que o número sexa impar pasarán a metade máis un. Esta votación popular levarase a cabo on-line. Unha vez feito o recuento de votos, farase pública a selección a través das redes sociais oficiais do Arde Lucus e da web do Concello de Lugo concellodelugo.gal .

O Concello auditará ao peche da votación a validez dos mesmos, eliminando do recuento final todos os votos fraudulentos detectados pola APP de sorteos utilizada, o cal poderá alterar o resultado final.

8.- O Concello de Lugo seleccionará un xurado integrado por 3 vogais con voz e voto e presidido polo Concelleiro de Xuventude e Deportes ou persoa en quen delegue e asistido por persoal do servizo de Xuventude e Deportes en funcións de secretaría, ambos sen voz nin voto.

As/ous vogais serán nomeados pola Concellería de Xuventude e Deportes e serán persoas vinculadas coa ilustración ou deseño gráfico, con sectores relevantes no eido da cultura e da propia celebración da festa do arde lucus. A composición do xurado darase a coñecer a través da publicación na sede electrónica do Concello a efectos de recusacións, con carácter previo a celebración do concurso.

O xurado pode propoñer declarar deserto o premio no caso de que a seu xuício non se acade unha calidade mínima nas propostas presentadas. A decisión do xurado axustarase, entre outros, aos seguintes criterios:

- deseño e composición estética
- orixinalidade
- creatividade
- calidade

O xurado propoñerá ao Concelleiro de Xuventude e Deportes, que resolverá, a obra gañadora entre as seleccionadas previamente pola votación popular o día 16 de abril ás 11.00 horas na Casa da Xuventude

9.- As persoas participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nestas bases e sen prexuízo dos recursos dos recursos que procedan. No caso de facerse unha entrega pública, a gañadora ou gañador do certame comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto.

10.- Os carteis premiados quedarán en propiedade e uso exclusivo do Concello de Lugo. As e os autores cederanlle á institución os dereitos totais de exhibición e reprodución das obras premiadas.

11.- As e os gañadores dan o seu consentimento para que o seu nome apareza nos materiais informativos e promocionais, xa sexan impresos ou dixitais do Concello de Lugo. Co fin de poder levar a cabo cantas accións promocionais e de difusión do concurso que considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle ao Concello de Lugo, con carácter gratuito, os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras presentadas a concurso. A cesión dos ditos dereitos permitiralle ao Concello de Lugo transformar as obras tecnicamente na medida que sexa necesaria para adecualas ao formato, imaxe ou aparencia de Internet o calquera outra tecnoloxía susceptible de adscrición a Internet, así como a reproducilas nos soportes físicos que se estimen convenientes.

12.- O simple feito da presentación ao concurso supón a plena aceptación destas bases.

13.- Establécese un premio o traballo gañador valorado en 1.900 € con cargo a aplicación orzamentaria 33802.48101. Este premio está suxeito a unha retención do 19% de acordo co disposto na Lei 35/2006 do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas. O gañador/a deberá de estar o corrente das obrigas tributarias e fronte a seguridade social polo que deberá de cubrir o Anexo II destas bases,

14.- O gañador ou gañadora facilitará ao Concello o arquivo fonte do cartel en formato vectorizado ou por capas, en función da técnica ou programa usado para a súa realización. O arquivo presentado terá a calidade mínima como para ser reproducido en formato 50x70 cm e 300PPP

15.- Publicidade : Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web ardelucus.com e na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), conforme o disposto no artigo 18 da ley 38/2003, del 17 de novembro, xeral de subvencions.

16.- O simple feito da presentación o concurso supón a plena aceptación destas bases.

17.- Calquera incidencia non contemplada nestas bases, será resolta pola organización.

ANEXO I
 DECLARACIÓN XURADA
 CONCURSO DO CARTEL ARDE LUCUS 2025
 CONCELLO DE LUGO

DONA/DÓN con DNI
 como autora ou autor da/s obra/s titulada/s:

DECLARO,

Que o/s cartei/s presentado/s ao concurso son inéditos e da miña autoría.

Que non recibiron outros premios ou distincións pola participación noutros concursos de similares características.

Que son a/o única/o titular dos dereitos de autor do cartel, e fágome responsable de calquera tipo de reclamación, eximindo ao Concello de Lugo da dita responsabilidade.

Que na súa elaboración non se utilizou nin parcial nin totalmente a intelixencia artificial.

....., de de 2025

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE
CONCURSO DO CARTEL ARDE LUCUS 2025
CONCELLO DE LUGO

DONA/DON con DNI
como autora ou autor da/s obra/s titulada/s:
.....
.....
.....

DECLARO,

Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente

....., de de 2025

Lugo, 20 de febreiro de 2025.- O Concelleiro de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos Atanasio.

R. 0490

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

TARIFAS URBANAS DE TAXI MONFORTE DE LEMOS

Aprobadas polo Pleno municipal o 30 de decembro do 2024, e autorizadas pola Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia 14.02.2025, tralo informe favorable da Comisión de Prezos de Galicia desta última data, fanse públicas para xeral coñecemento as tarifas urbanas de taxi de Monforte de Lemos:

.-Tarifa 1. Aplicable en días laborales de 6 a 22 horas.

Baixada de bandeira (inclúe un percorrido de 1.500m ou tempo equivalente)	4,05
Quilómetro percorrido	1,10
Hora de espera	16,80

.-Tarifa 2 (de luns a venres dende as 22:00 horas a 6:00 horas e os sábados,

Domingos e festivos as 24 horas, así como o 24 e 31 de decembro, e a

Semana do 12 ao 16 de agosto, ambos incluídos as 24 horas)

Percepción mínima (inclúe un percorrido de

1.500 m ou tempo equivalente)	4,75
Quilómetro percorrido	1,35
Hora de espera	19,95

SUPLEMENTOS

Cans ou gastos*	1,00
Ocupación maleteiro ** (a part do 2º bulto)	0,60

PREZOS CON IVE

(*) Agás lazarillos autorizados

(**) Agás sillas de minusválidos e de nenos. 1º bulto gratuito

Monforte de Lemos, 17 de febreiro de 2025.- O ALCALDE, P.D. A 1ª Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0479

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA XANEIRO 2025 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 17.02.2025 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de DECEMBRO 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificáanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 14.03.2025 ao 14.05.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 18 de febreiro de 2025.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 0480

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Publicación da sentenza firme estimatoria nº 496/2024 do 29 de Outubro de 2024 do TSX de Galicia ditada no procedemento ordinario 4190/2023 do recurso contencioso administrativo interposto por RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA SAU

Faise saber que no Recurso Contencioso-Administrativo no procedemento ordinario nº 4190/2023 promovido por Red Eléctrica de España S.A.U., contra a Ordenanza Fiscal do Concello de Pedrafita do Cebreiro, reguladora da “taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos”, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 114, de 20 de maio de 2023, ditouse polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, Sección Segunda, sentenza Nº 496/2024 en 29 de Outubro de 2024, que alcanzou o carácter de firme e cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

“T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.2

A CORUÑA

SENTENCIA: 00496/2024

Tribunal Superior de Justicia de Galicia. A CORUÑA

Sala de lo Contencioso-Administrativo

Sección segunda

Procedimiento ordinario 4190.2023

SENTENCIA

ILMOS. MAGISTRADOS:

Mª AZUCENA RECIO GONZALEZ (presidenta)

JOSE ANTONIO PARADA LOPEZ

ANTONIO MARTINEZ QUINTANAR

En A CORUÑA, a 29 de outubro de 2024

Vistos por la Sala, constituída por los Ilmos. Magistrados

relacionados al margen, los autos del RECURSO DE PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0004190/2023 entre partes, como recurrente RED ELECTRICA de ESPAÑA SAU representada por Doña Amalia Mosquera Herrero, Procuradora de los Tribunales y bajo la dirección letrada de Don Manuel Enrique de Vicente Tutor Rodríguez, y como parte demandada Ayuntamiento de Pedrafita do Cebreiro representada y asistida por el/la Abogado/a de la Diputación Provincial de Lugo sobre Ordenanza/tasa.

Se interpuso este Recurso contencioso-administrativo por RED ELECTRICA de ESPAÑA SAU representada por Doña Amalia Mosquera Herrero, Procuradora de los Tribunales y bajo la dirección letrada de Don Manuel Enrique de Vicente Tutor Rodríguez contra la ordenanza fiscal del Ayuntamiento de Pedrafita do Cebreiro reguladora de la Tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local por instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos publicada en el BOP de Lugo en fecha 20 de mayo de 2023 (BOP 114).

(...)

FALLO

Por todo lo expuesto, en nombre del Rey y por la autoridad que le confiere la Constitución, esta Sala ha decidido:

PRIMERO.- Que debemos estimar y estimamos la demanda interpuesta por RED ELECTRICA de ESPAÑA SAU representada por Doña Amalia Mosquera Herrero, Procuradora de los Tribunales y bajo la dirección letrada de Don Manuel Enrique de Vicente Tutor Rodríguez, y como parte demandada Ayuntamiento de Pedrafita do Cebreiro representada y asistida por el/la Abogado/a de la Diputación Provincial de Lugo sobre Ordenanza/tasa declarando nula y contraria a derecho la ordenanza recurrida por los motivos expuestos en los fundamentos jurídicos de la presente resolución.

SEGUNDO. – Se hace expresa imposición de costas procesales a la parte demandada con el límite de 1500 euros por todos los conceptos.

Notifíquese esta resolución a las partes e insértese en la colección legislativa.

O que en cumprimento do disposto no artigo 107 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativo (LJCA), faise público para xerar coñecemento.

Pedrafita do Cebreiro, 18 de febreiro de 2025.- O ALCALDE, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0471

Anuncio

Que o pleno da corporación municipal en sesión ordinaria celebrada en data 09 de Xaneiro de 2025,entre outros, adoptou o seguinte acordo que a tenor literal di:

“PUNTO SEGUNDO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DESAFECTACIÓN DO CPI DE LOUZARELA CON REF. CATASTRAL 001600400PH53A0001PE

Visto o acordo plenario de data 14/03/2024 onde se acorda entre outros, aprobar inicialmente o expediente para a alteración xurídica da cualificación xurídica do edificio de dominio público destinado a ensinanza con referencia catastral 001600400PH53A0001PE sito en Louzarella, Pedrafita do Cebreiro, desafectando dun servizo educativo, pasando a ser un ben de natureza xurídica patrimonial.

Visto a anuncio publicado en el BOP nº 081 do 08 de abril de 2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Pedrafita do Cebreiro de exposición pública dende o 08/04/2024 ó 14/05/2024 sen que se presentara alegacións no prazo de un mes.

Vista a Resolución de autorización de data 29/10/2024 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e formación profesional previa á desafectación do CEIP de Louzarella.

Visto o informe de secretaria intervención de data 07/01/2025

O Pleno da Corporación municipal por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

PRIMEIRO. Aprobar a desafectación do CEIP de Louzarella coa referencia catastral 001600400PH53A0001PE coa alteración da cualificación xurídica, pasando de ben de dominio público de servizo público educativo a ben patrimonial.

SEGUNDO. Realizar o acto de recepción formal do ben inmovible que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 del Regulamento de Bens das Entidades Locais.,

TERCEIRO. Anotar no Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da cualificación xurídica que sufriu o ben inmovible, tras a súa formación e aprobación.

CUARTO. Solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistras necesarias así como comunicarlle á Dirección Xeral de Catastro Inmobiliario, aos efectos oportunos.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.) de Lugo, no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Portal de Transparencia Municipal, aos efectos oportunos.”

O presente acordo é un acto administrativo resolutorio que pon fin á vía administrativa. Contra o mesmo se poderá interpoñer polos particulares interesados recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado desde o día seguinte á notificación, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso correspondente no prazo de dous meses desde a notificación, en atención ao sinalado na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno”

Pedrafita do Cebreiro, 18 de febreiro de 2025.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 0472

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – LUGO***Anuncio*

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DO PREMIO DE DESEÑO GRAFICO ARDE LUCUS 2025 PARA ELEXIR O CARTEL ANUNCIADOR DAS FESTAS DE RECREACION HISTORICA ARDE LUCUS 2025

BDNS (Identif.): 815973

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/815973>)

- Publicidade: Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da provincia de Lugo, na páxina web (<http://concellodelugo.gal>), e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De conformidade con lo previsto en el artículo 18 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del premio de diseño grafico " arde lucus 2025 " . con el fin de elegir el cartel anunciador del arde lucus 2025 , cuyo texto completo puede consultarse en la Bases de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro : Obxecto

Estas bases teñen por obxecto a convocatoria do concurso " PREMIO ARDE LUCUS 2025" para elixir o cartel anunciador das Festas de Recreación Histórica Arde Lucus 2025

Segundo: Persoas Beneficiarias

Poderá concurrir toda a poboación, con traballos de formato 3D e técnica libre, que deberán ser presentados sobre soporte ríxido que facilite a súa exposición, ademais de copia en formato dixital (JPEG o PNG) con unha resolución de 1890X2645

Terceiro.- Bases convocatoria

As Bases desta Convocatoria, aprobadas según acordo da Xunta de Goberno Local 12/77 de 13 de febreiro de 2025 publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Importe

No presupuesto municipal para o exercicio de 2025 existe consignación presupuestaria para a concesión de subvencions segun a tabla que a continuación se indica:

Servizo	Xuventude
Partida presupuestaria	3380222609
Importe	1.900,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

A entrega de orixinais efectuarase no Rexistro do Concello de Lugo na seguinte dirección : Rexistro Concello de Lugo. Ronda da Muralla, 197. LUGO 27002, indicando no sobre "PREMIO DE DESEÑO GRAFICO ARDE LUCUS 2025" ou a través de calquer outro medio indicadono o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro,do Procedemento Administrativo Comúndas Administracións Públicas (LPACAP). O prazo de presentación será dende o día seguinte a publicación no BOP da provincia de Lugo ata o 24 de marzo de 2025 inclusive . No caso de realizarse o envío , será necesario que se envíe copia scaneada do envío a seguinte dirección de correo : xuventude@lugo.gal. O último día de admisión de orixinais é o 24 de marzo de 2025, non se admitirán obras que se haxan enviado con posterioridade a esa data.

O día seguinte elaborárase un listado de participantes no que se indicará se estes cumpren os requisitos para participar no concurso e no que se confirme a correcta inscrición dos participantes, outorgando a posibilidade de subsanar as solicitudes presentadas, a cal será publicada na sede electrónica do Concello.

Lugo, 20 de febreiro de 2025.- O Concelleiro de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos Atanasio.

R. 0491